

FICCIÓN / REALIDADE

O xogo como punto de partida

O Premio Repsol YPF de narrativa breve volve sorprenden nesta súa terceira edición. Se a primeira vez que se convocaba premiaba a Miguel Sande co berro descarnado, alén de poético, contra a violencia que era *Se algún día esta muller morta* e a segunda vez valoraba a historia surrealista e tremendamente real, á vez ca intensa, de *Así nacen as baleas* de Anxos Sumai, nesta terceira volta o galardoado é o humor acedo, un tanto descarnado, de X.L. Martínez Pereiro con *A verdade como mal menor*. Tres temáticas e tres estilos diferentes para un certame cada vez máis asentado no sistema literario que non deixa de descubrir e reconducir autores a ese eido, un tanto incerto, da narrativa breve.

Mais afondemos na proposta de Maratínez Pereiro, na que o autor combina as súas facetas de prosista, dramaturgo e caricaturizador case sen nos decatarmos: 45 relatos (ou escenas, pois complicada é a súa adscrición a un molde convencional) en que un narrador en primeira persoa tenta enfiar unha conversa cun lector implícito, que acaba sempre por lle remitir ao lector real. Nese diálogo, que remite á concepción da literatura que semella ter o escritor (“son consciente de que a literatura é máis conversa ca argumento”, páx. 49), vanse debullando anécdotas e anécdotas que mesturan realidade e ficción, e que se trasladan de persoeiros reais a personaxes maxinados (que, porén, poderían ter existido) e viceversa. Porque a remisión a obras, frases míticas ou contos sobre este ou aquel filósofo, médico ou intelectual é constante e esvara coma unha fervenza imparábel ao longo de todas as páxinas da obra. Isto sempre se acompaña dun humor pouco convencional, sarcástico, escatolóxico, e moitas veces provocador (como ocorre co seu machismo impostado, que sen dúbida fará reaccionar aos receptores), que resulta un dos meirandes alicerces que cohexiona este conxunto de prosas.

Mais a base da obra, o que move á lectora na súa curiosidade, é ese xogo como punto de partida de mesturar quen foi con quen non foi e o que ocorreu co que non ocorreu. Porque se esa tensión é sempre pouco comfortable para o receptor (pese ao entramento que nos fornece o post(m)odernismo, aos que lemos segue constándonos reaccionar ante a instancia narrativa), o narrador auméntaa, pretendendo mantela durante o desenvolvemento da ficción, e así nolo amosa: “O grande barato da mentira na literatura é convencer o lector de que aquilo é verdade” (Marçal Aquino). Estas citas, ademais dos xogos de palabras, son outra das súas ferramentas para seguir xogando a descubrir que elementos forman parte dun plano e cales o fan doutro, e serven, amais, para ser referendadas ou transgredidas segundo a historia que veña despois.

Todo isto pese a que o lector acaba aceptando o pacto narrativo sen condicións, porque sabe, que aínda que se mergulle na Internet, nunca poderá coñecer completamente e polo miúdo que é aquí real e que é impostado, tal é a particularidade do que lle é narrado. A pregunta que me xorde, logo de ler algunhas das máis novas obras galegas –que alén resultaron premiadas–, que se nutren dese xogo de espellos que sempre forneceu o binomio literatura/realidade, é se o lectorado galego non cansará de ficcións que se autorrecrean en si mesmas, todas diferentes mais todas explorando o mesmo territorio. Quizais con textos un chisco máis sinxelos para un público máis amplo, e conseguiríamos un lectorado máis diverso e entregado e menos militante.

Recensión feita por MONTSE PENA PRESAS para *A verdade como mal menor* (Ed. Galaxia, Vigo, 2008) que apareceu no Suplemento “Faro da Cultura”, páx. 5 do Especial de libros do *Faro de Vigo*, o xoves, 19 de febreiro de 2009. A mesma tamén foi publicada na páx. 10 do Suplemento Saber(es) de *La Opinión A Coruña*, o sábado 28 de febreiro de 2009.